

## Novos cultivos en Lérez (IX):

### O melón-pera

*Xosé Álvarez Castro*

Desta planta podemos dicir que é unha absoluta descoñecida pola nosa zona do mesmo xeito que o é a nivel europeo. Atopeime con ela dando o meu acostumado percorrido pola feira de Cerdal, ao lado de Valença do Minho e, nun recuncho no que un grupo de mulleres venden produtos das súas hortas. Pregunteille o nome á vendedora e merquei a planta.



*Flor*

A súa procedencia é americana, da zona dos Andes e recibe tamén o nome de "*pepino dulce*" sendo o seu nome científico o de *Solanum muricatum*. É unha planta perenne que pode alcanzar unha altura dun metro ou máis, con varios talos que cando se arrastran polo chan enraízan facilmente.

O clima que precisa é húmido e con temperaturas agradables pero é moi sensible ás xeadas que poden chegar a matar á planta como me ten ocorrido nalgunha ocasión, polo que debe ser protexida por plástico ou cultivada en invernadoiro. As flores aparecen formando acios pero gran parte delas non chegan a converterse en froito.

O froito é unha baía de tamaño relativamente grande e de forma alongada e cando está maduro ten unha cor tirando ao amarelo con manchas moradas. O seu olor e sabor son agradables

sendo este último entre o do melón e o da pera, de aí o seu nome común.

A reprodución non acostuma facerse por semente senón facendo estacas duns 20 centímetros que enraízan de xeito moi fácil e en poucos días. Tamén poden aproveitarse esquexes enraizados a partir das polas rastreiras.

Non é unha planta que sexa atacada por moitas pragas pero teño comprobado que resulta apetecible para o escaravello da pataca que pode producir nela grandes estragos, devorando follas ou flores, e tamén os froitos maduros son comidos por caracois e lesmas.

En canto ao valor alimenticio é destacable o seu contido en iodo e tamén en vitamina C tendo tamén propiedades diuréticas. Pode consumirse directamente como calquera froita pero resulta moi saborosa preparándoa en ensaladas de froitas ou formando parte de macedonias.



*Froito*